



DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido		Segundo apelido				
Nome ou razón social			NIF / CIF		Teléfono	
Rúa / Lugar	Nome da vía pública		Número	Escaleira	Piso	Porta
Código Postal	Concello		Provincia	Correo electrónico		

REPRESENTANTE

Primeiro apelido		Segundo apelido				
Nome ou razón social			NIF / CIF		Teléfono	
Rúa / Lugar	Nome da vía pública		Número	Escaleira	Piso	Porta
Código Postal	Concello		Provincia	Correo electrónico		

ESTRADA PROVINCIAL

Número	Denominación				
Quilómetro	Concello				
Marxe carretera	Referencia catastral				

DETALLE DA OBRA

Descrición:
ORZAMENTO:

AUTOLIQUIDACIÓN

Referencia de cobro:	Importe:
NON SUXEITA <input type="checkbox"/>	Disposición legal:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

--

SOLICITUDE:

A autorización para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade, detallada no apartado "DETALLE DA OBRA"

....., a de de 20.....

O/A DECLARANTE

INFORMACIÓN XERAL

- 1) Presentarase unha solicitude por cada autorización que se desexe para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público ou nas zonas de protección das estradas da rede de titularidade da Deputación Provincial da Coruña.
- 2) Documentación que se deberá presentar:
- Memoria explicativa, agás nos casos en que sexa necesario un proxecto subscrito por un técnico competente (ver punto seguinte), que inclúa os planos, bosquejos ou datos necesarios para a correcta e inequívoca localización e definición da actuación que pretende realizar, así como as medidas de sinalización e balizamento que teña que adoptar para garantir a seguridade viaria, en caso de afectar á calzada da estrada ou ás súas beiravías.
 - Proxecto técnico subscrito por un técnico competente, que conteña o indicado no punto anterior e o indicado no artigo 158 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio, nos seguintes casos:
 - Construción de obras de paso superior ou inferior, obras de desaugamento, muros de sostemento e, en xeral, todas as actuacións que poidan incidir sobre a seguridade da circulación, sobre algún servizo público existente, sobre o libre curso das augas, tanto superficiais como subterráneas, ou sobre as condicións ambientais da contorna, por pretender situarse, total ou parcialmente, na zona de dominio público ou nas zonas de protección da estrada.
 - Urbanizacións, instalacións industriais, estacións de servizo, redes ou infraestruturas de servizos públicos, explanacións e, en xeral, calquera elemento de urbanización que se pretenda situar, total ou parcialmente, na zona de dominio público ou nas zonas de protección da estrada.
 - Accesos ás estradas ou ás súas vías de servizo, agás no caso de accesos a vivendas unifamiliares e terreos agrícolas.
 - Calquera outra obra ou instalación que se pretenda situar, total ou parcialmente, na zona de dominio público viario.
 - Orzamento da obra, actividade ou instalación que da lugar á autorización correspondente, no que se definan e valoren adecuadamente os elementos do custo. O dito orzamento deberá ser informado expresamente polos servizos técnicos provinciais sobre a súa adecuación á realidade descrita.
 - No caso de solicitudes de autorización para acceso á estrada, ademais da documentación esixida con carácter xeral, deberán indicar o uso ao que se pretende destinar.
 - Na solicitude de autorización de carteis informativos, rótulos de establecementos mercantís ou industriais ou anuncios de espectáculos, celebracións ou probas culturais, deportivas ou similares, determinarase o emprazamento previsto e acompañarase dun plano a escala no que figuren acoutadas as dimensións do cartel e dos seus elementos de sustentación, detallando o seu texto, os pictogramas empregados e as súas dimensións, así como os materiais empregados na súa fabricación.
 - No caso de instalacións industriais, canteiras e explotacións agrícolas e gandeiras, deberase presentar un estudo no que se analicen as molestias e perigos que aquelas puidesen producir á circulación, así como o impacto sobre a paisaxe visible desde a estrada, detallando o tratamento das súas zonas de protección, e incluíndo as medidas correctoras que sexan precisas.
 - No caso de solicitudes de autorización que se refiran a obras, instalacións ou actuacións situadas fóra da zona de dominio público viario, será preciso presentar tamén a autorización ou concesión, segundo os casos, da administración á que lle corresponda a propiedade dos terreos, no seu caso, ou declaración responsable que acredite a propiedade ou calquera outro dereito que leve aparelada a posesión dos terreos nos que vaia a situarse. Se fose preciso, cando durante a instrución do expediente xurdan dúbidas respecto da veracidade do declarado, poderase esixir a presentación da documentación que permita acreditar de modo irrefutable a titularidade, como, por exemplo, documento público debidamente inscrito no Rexistro da Propiedade ou mesmo escritura pública de formación de terreo independente. Será igualmente válida para acreditar a dispoñibilidade dos terreos a documentación que permita acreditar de xeito irrefutable que a persoa solicitante é titular dun dereito de opción de compra daqueles, sempre que o prazo para exercitar a opción sexa superior a dous (2) anos.
 - As solicitudes de autorización para acceso á estrada, agás no caso de accesos a vivendas unifamiliares e terreos agrícolas, e para a instalación de estacións de servizo, deberán incorporar un estudo de tráfico que recolla a repercusión na rede de estradas da actuación que se pretende promover.
 - No caso de calquera tipo de instalacións fixas ou provisionais que teñan incidencia sobre a circulación na estrada ou nos seus elementos funcionais, as solicitudes de autorización deberán incluír un estudo das medidas a adoptar, a cargo da persoa solicitante, para reducir ao máximo as afeccións ao resto das persoas usuarias da estrada.

3)

Información sobre Protección de Datos	
Responsable	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA- CIP:P-1.500000-C Dir. postal: AVENIDA PORTO DA CORUÑA, 2 - 15003 - A CORUÑA · Teléfono: 981080330 https://sede.dacoruna.gal
Finalidade	Xestión da declaración de solicitude de autorización para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público ou nas zonas de protección das estradas da rede de titularidade da Deputación Provincial da Coruña
Lexitimación	Consentimento do interesado
Destinatarios	Non se cederán datos a terceiros, agás obriga legal
Dereitos	Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos, na medida na que a lei o permita, comunicándollo por escrito á Deputación, achegando a copia do documento que acredite a súa identidade.
Información adicional	Pode consultar a información adicional sobre Protección de Datos na nosa páxina web: http://www.dacoruna.gal/protecciondedatos